

A BESTA

[Bertrand Bonello, 2023, Francia, 146 min., VOSE]

Lingua **Francés**

Dirección e guión **Bertrand Bonello**

Montaxe **Anita Roth**

Son **Nicolas Contin, Clément Laforce, Jean-Pierre Laforce**

Música **Bertrand Bonello, Anna Bonello**

Fotografía **Josée Deshaies**

Reparto **Léa Seydoux, George MacKay, Guslagie Malanda, Dasha Nekrasova,**

Martin Scali, Elina Löwensohn, Marta Hoskins, Julia Faure

Distribución **Caramel Films**

Nun futuro próximo no que reina a intelixencia artificial (IA), as emocións humanas convertéronse nunha ameaza. Para librarse delas, Gabrielle debe purificar o seu ADN regresando ás súas vidas pasadas. Alí reencóntrase con Louis, o seu grande amor. Pero o medo invádeala e sente que se aveciña unha catástrofe.

VINDEIRAS SESIÓNS

Martes 21 **A QUIMERA**

(Alice Rohrwacher, 2023, Italia, 130 min., VOSE)

Luns 27 **PARIS, TEXAS**

(Wim Wenders, 1984, RFA, 144 min., VOSE)

Martes 28 **A ZONA DE INTERESE**

(Jonathan Glazer, 2023, Reino Unido, 106 min., VOSE)



A BESTA

Bertrand Bonello

Organiza:



cineclubepontevedra.blogspot.com.es



[cineclubepontevedra](https://www.instagram.com/cineclubepontevedra)



[CineclubPo](https://twitter.com/CineclubPo)

Coa colaboración de:



CINECLUBE PONTEVEDRA

ENTREVISTA CON **BERTRAND BONELLO**

Recentemente publicáronse moitos artigos sobre o medo ao desenvolvemento da IA e os seus perigos éticos e morais. Cando escribín o guión non pensei que todo ía ocorrer tan axiña. Evidentemente, esa é a parte máis política do filme. Cando lle escoito dicir ao profesor Geoffrey Hinton, pioneiro da IA, que se arrepiante do seu invento e que teme ter creado un monstro... Cito: «As futuras versións desta tecnoloxía poderían ser un risco para a humanidade». Isto é tamén o que di o filme, mais doutro xeito, con outra premisa. A catástrofe é que xa non hai catástrofes. Hai un movemento cara á desaparición da individualidade e a singularidade. Se facemos que o medo desapareza, tamén facemos desaparecer a sensación de estarmos vivos. Hai frialdade e soidade no filme en 2044, mais péreceme o máis próximo posible á realidade.

Que dificultades concretas atopaches no eido da ciencia ficción? Traballar dentro do xénero resultou bastante difícil, xa que non son un especialista nin como espectador nin como lector. Mais tiña algúns puntos de referencia importantes. Quería que esta distopía estivese ambientada nun futuro próximo. Visualmente, quixen evitar os dous grandes camiños: que son o ultratecnoloxicismo, que pode impresionar mais que decote está condenado á obsolescencia, e unha visión postapocalíptica na que todo é decadencia. Preferín proceder eliminando cousas, borrando partes dos decorados, baleirando a cidade, mudando a paisaxe sonora máis ca a arquitectura, poñendo animais en París, eliminando as redes sociais e internet ou facendo que as relacións entre as persoas fosen máis incorpóreas ca virtuais. Non hai futurismo extravagante. A evolución do mundo é sobre todo condutual e ideolóxica. É un mundo cheo dunha nova serenidade, tranquilizadora no exterior, mais aterradora no fondo.

***A besta* está baseada na famosa novela de Henry James, *A besta na xungla*, xa adaptada con anterioridade para teatro e cine.** *A besta na xungla* é un libro que me perturbou durante moito tempo. Só tomei a idea inicial de James, a da besta oculta, a do medo a amar. *A besta* é unha adaptación máis que libre. A maioría dos diálogos da longa escena do salón de baile do inicio son de James. Parécenme liñas maravillosas. Logo, o filme afástase da novela e desenvólvese en tres períodos distintos: 1910, 2014 e 2044. Cada un deles ten a súa propia dinámica, os seus propios retos, o seu propio terror, a súa propia xestión dos sentimentos, e xuntos crean unha única historia de amor, atravesada por unha relación coa memoria e cun pano de fondo de catástrofe permanente. En cada un dos períodos, a catástrofe persoal está vencellada a unha catástrofe xeral: a inundación de París de 1910, unha especie de amnesia condutual vencellada ás redes sociais e internet en 2014 e a catástrofe aínda peor que sería un mundo sen catástrofes en 2044.

***A besta* é ao tempo simple e complexa.** Pode parecer complexa na súa estrutura mais os conceptos son sinxelos. Tamén creo que a complexidade é algo marabilloso e que tende a desaparecer. Ao mesmo tempo, nunca fixen un filme tan sinxelo e tan directo nas súas emocións. Un filme sobre o medo, a soidade, o amor e a relación dos personaxes co amor. Aínda que Gabrielle ten medo constantemente, tamén sente que ese medo é importante para ela. Neste caso, a besta é simplemente o medo a amar, a abandonarse, a ser danado, a perder o equilibrio, a ser devastado, un medo co que creo que todos podemos identificarnos. E este medo impregna todas as épocas. O filme pode abarcar tres épocas, tres mundos e seis personaxes, pero conta unha soa historia.

Que é o que máis lle gusta de traballar con Léa Seydoux? É a terceira vez que traballamos xuntos, mais a primeira que traballo con ela como protagonista. Non se me ocorre ningunha outra actriz capaz de interpretar a Gabrielle ao longo de tres épocas. Léa Seydoux ten un toque atemporal e moderno. É algo pouco frecuente. A súa beleza é moi distinta nos tres períodos do filme. Coñézoa ben desde hai tempo, mais cando a cámara a mira é imposible saber o que está a pensar. É un misterio. Na súa forma de traballar, Léa non é unha actriz académica. Non sente a necesidade de estar moi preparada, nin de sabelo todo sobre a súa personaxe, nin sequera sobre o guión. Poderíase dicir mesmo que utiliza unha certa incerteza ou vacilación, pero que a beneficia, permítelle deixarse guiar, abandonarse e que as cousas acontezan. Outra cousa importante para min é que ten unha voz preciosa. A súa forma de expresarse é magnífica, en francés e en inglés. Habita tanto o texto coma os silencios. Está tan soa a miúdo no filme, persoal e fisicamente, en planos ou escenas, que o filme se converte tamén nun documental sobre ela. Está moi soa nos Ánxeles, fronte ao seu computador. Moi soa en 2044, onde todas as interaccións cos demais son só voces sen corpo no espazo.

***A besta* comeza cunha pasaxe atrevida: a escena en pantalla verde onde dirixe a Léa Seydoux. E péchase con outra: os créditos finais, que consisten nun código QR para que os espectadores o escaneen.** Pareceume que cun prólogo así, 1910 resoaría doutro xeito. Este prólogo contamina o comezo do filme. Tamén é unha forma moi sinxela de dicir que o tema do meu filme é ela. En canto ao código QR, é moi coherente co filme. En xeral, os títulos de crédito son un momento de emoción, con música, nomes que se desprazan, espectadores que se erguen e se preparan para enfrontárense de novo á luz exterior. Aquí estamos nun mundo en que se prescinde do afecto, así que é lóxico que tamén sexa así cos títulos de crédito. Só Gabrielle é quen de sentir e creo que iso fai que estea aínda máis afastada.